



IndyLan



Cofinanciado por el programa Erasmus+ de la Unión Europea

Boletín informativo IndyLan - novembro de 2021

Benvindo ao cuarto boletín do noso proxecto Erasmus + [Mobile Virtual Learning for Indigenous Languages](#) (IndyLan).

O proxecto de 26 meses (2019-2021) está dirixido pola [Universidade Heriot-Watt](#) e a coordinadora é a [Doutora Katerina Strani](#), do [Departamento de Linguas e Estudos Interculturais](#). O proxecto inclúe aos seguintes 5 socios de 4 países diferentes (Reino Unido, Finlandia, Noruega e España):

- [Universidade Heriot-Watt](#) , Reino Unido, (Coordinador)
- [Cornwall Council](#), Reino Unido
- [Sede do Consello Saami](#), Noruega
- [Learnmera Oy](#), Finlandia
- [Asociación Moviéndote por la Integración y la Participación Ciudadana](#), España

Como parte do proxecto [IndyLan](#) estamos a desenvolver unha aplicación móbil que axudará aos falantes de inglés, español, noruegués, sueco e finés a aprender os idiomas **o gaélico, o escocés, o córnico, o éuscaro, o galego e saami**, [todos eles en perigo de extinción](#) en diferentes grados. A ferramenta educativa do noso proxecto está deseñada especialmente para axudar aos usuarios a aprender non só algunhas das linguas europeas en perigo de extinción, senón tamén sobre as culturas dos pobos que as falan.



A [aplicación IndyLan](#) contén uns 4.000 elementos de vocabulario (tanto termos como expresións) nunhas 100 categorías. As modalidades da aplicación son: Vocabulario; Frases; Diálogos; Gramática; Comprensión auditiva; Cultura.





IndyLan



Cofinanciado por el
programa Erasmus+
de la Unión Europea

A nosa visión é que a aplicación [IndyLan](#) contribúa á aprendizaxe e a revitalización das linguas en perigo de extinción para que estas sigan vivas e sexan relevantes nas sociedades e economías contemporáneas.

A [páxina web](#) do noso proxecto está dispoñible en 11 idiomas. Ten unha sección dedicada [ás linguas e aos pobos](#) da aplicación IndyLan, con vídeos e recursos. Na nosa páxina web tamén pode atopar noticias e actualizacións, así como unha lista dos nosos [produtos descargables](#).

Noticias e novidades

Nosa aplicación xa está dispoñible!

Podes descargar a nosa aplicación e empezar a usala!!

Versión iOS: <https://apps.apple.com/us/app/indylan-learn-indigenous-langs/id1590288935>

Versión Android/GooglePlay: <https://play.google.com/store/apps/details?id=com.indylan>

Bota unha ollada á aplicación


Estas son algunhas capturas de pantalla!



IndyLan



Cofinanciado por el programa Erasmus+ de la Unión Europea






IndyLan



Cofinanciado por el programa Erasmus+ de la Unión Europea





IndyLan



Cofinanciado por el
programa Erasmus+
de la Unión Europea

Fase de testeo

Comezamos a nosa fase de testeo con usuarios externos, e ata o de agora tivemos un bo índice de resposta. ¡Se aínda non nos deches a túa opinión sobre a aplicación, faino aquí!

Versión en galego do cuestionario de probas:

https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSdlHmt_Fty2ECyK-tEkgvhFQ07TL08S5ub-F4bll10KKefoKQ/viewform?usp=sf_link

O cuestionario de probas tamén está dispoñible en gaélico, español, noruegués e sueco. Por favor, infórmenos se desexa utilizar estas versións.

Actualizaciones del proyecto y siguientes pasos

Desde a nosa última newsletter de xullo de 2021, reunímonos de forma online o 24 de setembro de 2021 para celebrar a nosa cuarta reunión transnacional do proxecto. Esta sería nosa reunión oficial do proxecto en Edimburgo, pero tivo que celebrarse online debido ás restricións ou limitacións de viaxe de Covid-19.


Durante esta reunión, o coordinador confirmou que se concedeu ao proxecto unha prórroga de 3 meses sen financiamento.

***** A nova data de finalización do proxecto é o 28/02/2022 *****

Tamén finalizamos as revisións en parellas e a revisión externa do noso segundo produto intelectual, que é a propia aplicación, de acordo coa nosa estratexia de avaliación. Os socios tamén falamos sobre o calendario para a proba piloto cos usuarios e a finalización deste produto (IO3) co informe da proba piloto.



Cofinanciado por el programa Erasmus+ de la Unión Europea



Os socios de IndyLan debateron durante a reunión de setembro, entre outros asuntos, as últimas fases do IO2, a planificación do IO3 e a estratexia de difusión.

Ademais, os socios debateron sobre os próximos Eventos Multiplicadores, que terán lugar en todos os países socios para lanzar a aplicación a nivel local e finalizar as probas cos comentarios dos usuarios nestes eventos. Os eventos terán lugar de forma presencial, híbrida ou totalmente en liña, de acordo coas restricións locais.

Eventos de diseminación

Non perdas de vista as datas dos eventos multiplicadores locais en Escocia, Cornualles, España, Sápmi (Noruega) e Finlandia. Terán lugar entre decembro de 2021 e xaneiro de 2022.

O evento final de difusión do proxecto e o lanzamento oficial da aplicación terán lugar a finais de xaneiro de 2022 en Cornwall. **Pronto se darán máis detalles.**

O noso próximo boletín sairá en decembro de 2021, así que está atento/a!





IndyLan



Cofinanciado por el
programa Erasmus+
de la Unión Europea



Síguenos en **Twitter**: <https://twitter.com/IndylanP>



Síguenos en **Facebook**: <https://www.facebook.com/ProjectIndyLan>

Para calquera pregunta ou comentario, ponche en contacto connosco en info@indylan.eu

